

## PERÍFRASE VERBAL

As perífrases verbais compóñense dun verbo en forma persoal (verbo auxiliar) e un verbo en forma non persoal (infinitivo, xerundio ou participio), que sería o verbo auxiliado.

PERÍFRASES TEMPORAIS		
VALOR	PERÍFRASE	EXEMPLO
FUTURIDADE E	<i>Estar a</i> + infinitivo	<i>Remedios está para chegar.</i>
	<i>Estar para</i> + infinitivo	<i>Está a chegar a nosa oportunidade.</i>
IMMINENCIA	<i>Haber (de)</i> + infinitivo	<i>Hei de gañar o concurso o vindeiro ano.</i>
	<i>Ir</i> + infinitivo	<i>Vouno chamar outra vez.</i>
	<i>Querer</i> + infinitivo	<i>Parece que quere chover.</i>

Cómpre ter en conta que as perífrases *haber (de)* + infinitivo e *estar a/para* + infinitivo expresan a intención de realizar unha acción nun futuro próximo.

Pola súa parte, *querer* + infinitivo só constitúe perífrase cando se aplica a fenómenos atmosféricos (*Parece que quere chover*) ou cando o suxeito é unha entidade inanimada (*Parece que este ano as cebolas non queren saír*).

PERÍFRASES MODAIS		
VALOR	PERÍFRASE	EXEMPLO
NECESIDADE E OBRIGA	<i>Deber</i> + infinitivo	<i>Debes esforzarte un chisco máis.</i>
	<i>Haber (de)</i> + infinitivo	<i>Has de saber o que pasou.</i>
	<i>Haber que</i> + infinitivo	<i>Hai que facelo.</i>
	<i>Ter que</i> + infinitivo	<i>Teño que pensalo.</i>
	<i>Ter de</i> + infinitivo	<i>Tes de saber o que fixeron.</i>
HIPÓTESE	<i>Deber de</i> + infinitivo	<i>Deben de ser as cinco da tarde.</i>
	<i>Haber (de)</i> + infinitivo	<i>Han ser as cinco da tarde.</i>
PROBABILIDADE	<i>Poder</i> + infinitivo	<i>O resorte pode fallar en calquera momento. Podían ser as seis da mañá. Podería andar polos cen anos.</i>

*Poder* + infinitivo só constitúe unha perífrase verbal cando indica probabilidade. No resto dos casos trátase dun complexo verbal en que o segundo verbo constitúe un CD. *Podes pór a mesa?*

## PERÍFRASES ASPECTUAIS

VALOR	PERÍFRASE	EXEMPLO
IMPERFECTIVAS  (acción en desenvolvemento)	<i>Haber (de) + infinitivo</i>	<i>Houben de ir a esa festa.</i>
	<i>Andar + xerundio</i>	<i>Andan contando mentiras.</i>
	<i>Andar a + infinitivo</i>	<i>Andan a contar mentiras.</i>
	<i>Estar + xerundio</i>	<i>Están facendo unha autoestrada.</i>
	<i>Estar a + infinitivo</i>	<i>Están a facer unha autoestrada.</i>
	<i>Ir + xerundio</i>	<i>Vai envolvendo os agasallos.</i>
	<i>Levar + xerundio</i>	<i>Leva chovendo desde setembro.</i>
	<i>Levar a + infinitivo</i>	<i>Leva a chover desde setembro.</i>
	<i>Continuar/seguir + xerundio</i>	<i>Segue nevando.</i>
	<i>Continuar/seguir a + infinitivo</i>	<i>Continúa a nevar.</i>
PERFECTIVO  (acción xa finalizada)	<i>Acabar/Rematar/Terminar de + infinitivo</i>	<i>Acabou de barruzar.</i> <i>Remataron de facer os exames.</i>
	<i>Deixar/Parar de + infinitivo</i>	<i>Deixou de chover.</i>
	<i>Vir de + infinitivo</i>	<i>Viña de correr dous quilómetros.</i>
	<i>Dar + participio</i>	<i>Custar, custoume, mais deina entrevistado.</i>
	<i>Ir + participio</i>	<i>O catarro xa vai curado.</i>
	<i>Levar + participio</i>	<i>Levo feito catro exercicios.</i>
	<i>Ter + participio</i>	<i>Teño viaxado moito no tren.</i>
INCOATIVO  (inicio da acción)	<i>Botar(se) a + infinitivo</i>	<i>Cando me viu, botou a correr.</i>
	<i>Comezar/Empezar a + infinitivo</i>	<i>Comezou a correr moi rápido.</i>
	<i>Dar en + infinitivo</i>	<i>Despois do enterro, deu en chorar.</i>
	<i>Pegar a + infinitivo</i>	<i>Pegou a rir dunha maneira escandalosa.</i>
	<i>Poñer/pór + infinitivo</i>	<i>Púxose a cantar cando viu a Paulo.</i>
	<i>Romper a + infinitivo</i>	<i>Non podía soportar máis a dor e rompeu a chorar.</i>

REITERATIVO (acción repetida)	<i>Volver / Tornar a + infinitivo</i> <i>Voltar a + infinitivo</i>	<i>Volves facer o mesmo de sempre.</i> <i>Voltas a repetir a mesma historia todos os días.</i>
	<i>Adoitar/Acostumar + infinitivo</i>	<i>Adoita vir todos os días ao parque.</i>
	<i>Levar + participio</i>	<i>Lévocho repetido moitas veces.</i>
	<i>ter + participio</i>	<i>Varias veces llo teño dito.</i>
TERMINATIVO (acción na súa fin)	<i>Acabar por + infinitivo</i>	<i>Acabou por se anoxar.</i>
	<i>Chegar a + infinitivo</i>	<i>Ceguei a crer que era verdade.</i>
	<i>Vir a + infinitivo</i>	<i>Veu a descubrirse que aquilo non fora certo.</i>

### PERÍFRASE PASIVA

<i>Ser + participio</i>	<i>A ponte foi construída no ano 114 d. C.</i>
	<i>Os resultados foron presentados polo director executivo.</i>
	<i>Alí serás atendido como mereces.</i>

#### 1. Constrúe oracións coas seguintes perífrases:

Dar + participio

Ir + infinitivo

Haber (de) + infinitivo

Estar + para + infinitivo

Levar + participio

Estar + xerundio

Ser + participio

Seguir + xerundio

Ir + xerundio

Andar + a + infinitivo

Ter + participio

Dar + en + infinitivo

**2. Expressa as ideas que aparecen en grosa utilizando as perífrases adecuadas.**

a. - Antía non lles fala aos pais. É algo inexplicable porque con **todas as cousas que fixeron** por ela. (levar)

*... co que levan feito...*

b. - Estou moi indignado. O televisor que comprei **finalmente foi** tan malo como me dixeran. Non sei porque non fixen caso. (vir)

c. - Que tal onte no parque? Pasástelo ben?

- Os nosos divertíronse moito ata que o pequeno comezou a ter sono e **comezou a chorar por todo** e xa non parou. (poñer/pór)

d. - Oes, mándalle saúdos a Camilo cando o vexas, eh!

- Agora véxoo a miúdo **porque xoga outra vez** con nós, no noso equipo de fútbol sala. (volver)

e. - **Hai pouco deixouno** a moza despois de varios anos. (acabar)

f. - Estou esperando a Alicia para dar un paseo, pero non **acaba máis** as tarefas da casa. (dar)

g. - Onte díxome Sara que xa hai moito tempo que non a chamas.

- Nin penso. Porque **fala todo o día** de min e sempre ás costas. (andar)

h. - Xoán **durmiu toda a mañá e aínda segue** e non creo que se levante, porque onte saíu ata as 8. (levar)

i. - Chegamos todos xuntos ao monte Castrove, menos María. De **súpeto comezou a andar máis rápido** e xa non a vimos máis ata chegarmos. (botar)

j. - Que ben vexo a teu pai!

- Si, dende que **xa non fuma**, é outro home. (deixar)

k. - Que histórico o meniño de Sabela e Xurxo! Por nada, **comezou a berrar** como un tolo e non deu tregua. (botar)

l. - E ti **aínda saes** por Muros? Ou cambiaches de zona para andar de marcha? (seguir)